

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Expediente: PTG 1/2021

Contratación do servizo de xardinería e mantemento de zonas verdes do Parque Tecnolóxico de Galicia.

Mesa de contratación:

Presidenta: Sabela Bouzo Estévez, técnica do Departamento de Proxectos de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. (en substitución de Ricardo Capilla Pueyo)

Secretaria: Noemí Lorenzo Carbajales, persoal do Departamento de Administración e Finanzas de PTG.

Vogais:

- María Luísa Pena Nieto, Directora do Departamento de Administración e Finanzas de PTG.
- Antonio Gómez Méndez, responsable do Departamento de Servizos Xerais de PTG.

Características do procedemento:

Procedemento de adxudicación: aberto

Data de publicación do anuncio: 22/03/2021

Data de apertura pública das proposicións económicas, sobre B "Proposta económica e horas adicionais": 13/04/2021

Primeiro.- OFERTAS PRESENTADAS

Presentouse en prazo unha única proposición sendo a entidade as seguinte: PROPERDIS EIL, S.L.U.

A oferta recibidas foi presentada a través do Sistema de Licitación Electrónico (SILEX).

A Mesa acordou admitir a proposta presentada.

Segundo.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS ADMITIDAS

O prego fai referencia aos criterios de adxudicación de forma resumida no punto 7 do “Cadro de características do contrato”, tal e como se transcribe a continuación:

1. CRITERIOS QUE NON DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR (de 0 a 100 puntos). Valorarase de acordo cos seguintes criterios:

- Valoración económica (máximo 80 puntos).

Valoraranse con cero (0) puntos aquelas ofertas que propoñan como prezo de adxudicación o presuposto base máximo de licitación establecido neste Prego (apartado 4 do Cadro de características do contrato).

Valorarase con oitenta (80) puntos a oferta que propoña o mellor prezo de entre as ofertas admitidas.

Partindo deste criterio de valoración, a puntuación outorgable ás restantes ofertas admitidas realizarase mediante un cálculo proporcional utilizando a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos a} = 80 \times ([Pm - Pa] / [Pm - Pb])$$

Sendo:

Puntos a = puntuación valoración económica da oferta "a"

Pm = presuposto base máximo de licitación (sen IVE)

Pa = prezo da oferta "a" (sen IVE)

Pb = prezo da oferta máis baixa das admitidas (sen IVE)

Quedarán excluídas do procedemento de adxudicación aquelas ofertas que superen o presuposto base máximo de licitación.

- Oferta de horas adicionais de persoal de xardinería (máximo 20 puntos).

Valorarase a oferta por parte do licitador dun número adicional de horas a traballar polo xardineiro ao ano (sobre as 1400 horas estimadas como mínimo esixible). Valórase ata un máximo de 160 horas/ano adicionais do seguinte modo:

Valoraranse con cero (0) puntos aquelas ofertas que non propoñan horas adicionais.

Outorgaranse cinco (5) puntos por cada 40 horas adicionais ofertadas en cada ano de vixencia do contrato

Terceiro.- VALORACIÓN DAS OFERTAS ADMITIDAS

Puntuación acadada polos licitadores nos criterios que non dependen dun xuízo de valor e puntuación total:

Tendo en conta o establecido no Prego a puntuación que lle corresponde á única proposta presentada e admitida é a seguinte:

- **Valoración da oferta económica (48.443,88 €): 80 puntos.** Correspóndelle o máximo de puntos por ser a única proposta presentada e está por debaixo do presuposto base máximo de licitación.
- **Oferta de horas adicionais de persoal de xardinería (160 horas/ano): 20 puntos.** Correspóndelle o máximo de puntos porque o Prego establece que se valorarán con cinco (5) puntos por cada 40 horas adicionais ofertadas en cada ano de vixencia do contrato.

A puntuación total acadada polo licitador é de 100 puntos.

Cuarto.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

A Mesa de Contratación, examinada a única oferta e baseándose nos criterios de valoración mencionados, adxudicou a máxima puntuación á oferta presentada por **PROPERDIS EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, SLU** e polo tanto presentou proposta de resolución a favor desta entidade.

Quinto.-

En data 14 de abril de 2021 o licitador **PROPERDIS EIL, SLU** recibiu a comunicación da proposta de resolución de adxudicación ao seu favor e déuselle o prazo de 10 días hábiles para aportar a documentación establecida nos Pregos.

Dentro do prazo estipulado a empresa procedeu a entregar a documentación requirida na comunicación de proposta de adxudicación.

En base a todo o anterior, o Órgano de Contratación,

RESOLVE:

- 1) Adxudicar á empresa **PROPERDIS EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, SLU** a **“Contratación do servizo de xardinería e mantemento de zonas verdes do Parque Tecnolóxico de Galicia” nº expediente PTG 1/2021**, conforme á súa oferta técnica e económica, por un importe de **48.443,88 €** (IVE non incluído), con suxección ás condicións do Prego de Cláusulas Particulares e do Prego de Prescricións Técnicas que rexen a presente contratación.
- 2) Publicar esta adxudicación no Perfil do Contratante na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e notificar esta adxudicación á empresa adxudicataria e aos licitadores.
- 3) Formalizar o correspondente contrato dentro dos prazos establecidos, logo da notificación desta resolución aos licitadores.

En San Cibrao das Viñas, na data da sinatura dixital.

Asdo. Patricia Argerey Vilar

Representante do órgano de contratación de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.